


A violencia de xénero nas publicacións científicas

A Universidade de Vigo, a través da súa Unidade de Igualdade, pon en marcha, en setembro de 2019, un programa de actividades de concienciación sobre a violencia de xénero dirixido á comunidade universitaria e á sociedade en xeral. Esta actividade, coa que colabora a Biblioteca Universitaria, recibe o nome de Bibliolab e achéganos a lacra da violencia contra as mulleres a través dunha serie de libros publicados recentemente mediante faladoiros nos que o público poderá escoitar as súas autoras e/ou persoas relacionadas coa súa edición. Ademais, a Biblioteca Universitaria organiza unha serie de mostras bibliográficas relacionadas coa violencia de xénero.

Neste boletín presentamos unha análise das publicacións científicas relacionadas coa violencia exercida sobre as mulleres que están indexadas en tres bases de datos bibliográficas: Web of Science (WOS), Scopus e Dialnet. O estudo completo pódese consultar na páxina de informes e estudos bibliométricos da Biblioteca Universitaria.


Número de documentos indexados en Scopus por ano de publicación

A base de datos Scopus recolle 18308 publicacións relacionadas coa violencia de xénero, desde o ano 1961 ata 2018. A evolución do número de publicacións por ano amosa unha liña claramente ascendente, máis acusada a partir do ano 1992.



Os países cun número maior de publicacións sobre violencia de xénero

Por países, o maior número de publicacións procede de Estados Unidos, como acontece co conxunto das publicacións recollidas en Scopus. Malia todo, este país proporciona a Scopus o 39,74% das publicacións relacionadas coa violencia machista, o que supón un 12,92% máis que a porcentaxe acadada polo conxunto das súas publicacións. As publicacións sobre esta temática procedentes de institucións españolas acadan o 3,68% do total, por riba do 2,36% do conxunto das publicacións españolas en Scopus. Sobre os artigos asinados por membros de institucións de investigación galegas, WOS recolle 55 e Scopus 18.



As 5 publicacións máis citadas en WOS e Scopus

García-Moreno, Claudia, Jansen, Henrica A. F. M., Ellsberg, Mary, et al. (2006). Prevalence of intimate partner violence: findings from the WHO multi-country study on women's health and domestic violence. *Lancet*, 368(9543), 1260-1269

Coker, AL, Davis, KE, Arias, I, et al. (2002). Physical and mental health effects of intimate partner violence for men and women. *American Journal of Preventive Medicine*, 23 (4), 260-268

Johnson, MP (1995). Patriarchal terrorism and common couple violence: 2 forms of violence against women. *Journal of Marriage and the Family*, 57 (2), 283-294

Fiske, ST. (1993). Controlling other people: the impact of power on stereotyping. *American Psychologist*, 48 (6), 621-628

Moffitt, TE; Caspi, A; Harrington, H; et al. (2002). Males on the life-course-persistent and adolescence-limited antisocial pathways: Follow-up at age 26 years. *Development and Psychopathology*, 14 (1), 179-207

Palabras chave con maior presenza nas publicacións indexadas en Dialnet



Sobre os termos máis empregados como descritores nas publicacións recollidas en Scopus, destacan as referencias ao acoso e abuso sexual (*sexual harassment, sexual violence, sexual crime, sexual offenses*), referencias á adolescencia (*adolescent, young adult*) e as diferentes formas de referirse á violencia exercida sobre as mulleres, con expresións como *partner violence, domestic violence, spouse abuse, violence against women, intimate partner violence...*

En Dialnet, base de datos de publicacións latinas, cunha prevalencia clara de publicacións de autores/as proceden-

tes de institucións españolas, os descritores que aparecen con maior frecuencia son “violencia de xénero”, “violencia contra as mulleres”, “abuso sexual”, “violencia doméstica”, “violencia sexual”, “malos tratos”, “prevención” e “feminicidio”.

Sobre o termo feminicidio, este aparece por primeira vez en WOS e Scopus coa forma femicide, en publicacións de 1989. En Dialnet, a palabra feminicidio aparece por primeira vez nun artigo de 1995 publicado nunha revista francesa.